



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

Na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2018, o tribunal do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de conserxe baixo a modalidade de funcionario interino, segundo as bases publicadas no BOP nº192 de 8 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. O Tribunal por unanimidade acorda aceptar as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes ás preguntas número: 4, 12,18, 20 e 24, da primeira proba da fase de oposición, procedendo a anulalas.

2. Non habendo suficientes preguntas de reserva, e estando previsto nas bases que este exercicio conste de 25 preguntas tipo test, o Tribunal, por unanimidade, acorda anular o primeiro exercicio realizado o día 13 de novembro de 2018 e desconvocar o segundo exercicio previsto para o próximo luns 26 de novembro de 2018. Así mesmo, acorda retrotraer as actuacións da fase de oposición á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo que terá lugar o xoves 13 de decembro ás 19:00 horas no pavillón polideportivo Xosé Lago situado na Rúa Areal núm. 8 Esteiro, Muros.

3. Convocar ás persoas aspirantes á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo o día 13 de decembro de 2018 ás 19:00 horas no pavillón polideportivo Xosé Lago situado na Rúa Areal, núm.8 Esteiro , Muros. As persoas aspirantes deberán presentarse cos seus DNI.

O secretario do tribunal

Asdo. Jose Manuel Mayo Priegue